



09/05/2010 09:00

INSTRUCCIÓN VI/2010 DA XERENTA EN FUNCIÓNS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos traballadores as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez negociado co Comité Intercentros, a xerente en funcións, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 31 de xullo de 2007 (DOG do día 19 setembro), dispón:

1) SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO

A solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2010 cubrirase e presentarase persoalmente, no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (servizos centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

Os postos de traballo con dereito a prenda de traballo relaciónanse no anexo á presente instrución.

2) PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 24 de maio ao 31 de xullo do presente ano en horario de 9 a 14.

3) PROCEDEMENTO

3.1 Ao traballador entregárselle un resgado selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3.2 Os traballadores destinados en Santiago, deberán acudir co resgado á Empresa Concesionaria: VESLA, S.L., Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado.

Os destinados en Lugo serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.



XERENCIA

Casa da Balconada. Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela
Tel. centralíña: 981 563100 ext. 11304 Tel. Directo: 981 559930
Fax: 981 571310 Correo electrónico: xerente@usc.es

3.3 O traballador entregaralle o resgado asinado á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas., A perda ou entrega indebida do resgado, quedará baixo a responsabilidade total do traballador solicitante.

4) OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obligatorio durante a xornada de traballo.

5) FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgados que deben estar debidamente asinados polos traballadores e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrucción estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2010

